



## Relevo na ONU

### Description



**Os retrocesos internacionais no ámbito dos dereitos humanos é un feito incontestable e gravísimo. O recente informe sobre Guantánamo, elaborado a instancias da propia organización, evidencia a raíz do problema. NNUU non pode dicir que non estea ao tanto. EEUU di que a ONU se desacredita con ese informe, pero en realidade o descrédito prodócese por permitir que vaia directamente á trituradora de papeis, sen que ningún se plante en New York.**

Non será ata finais de ano que Kofi Annan deixará paso ao seu relevo en Nacións Unidas. Non obstante, hai tempo que da a impresión de que o actual secretario xeral está practicamente dimitido. Por regra xeral, no derradeiro período do mandato, a falta de preocupación pola reelección deberá traducirse nunha expresión de maior dinamismo e compromiso cos grandes temas que preocupan á sociedade internacional. Pero Kofi Annan, probablemente paralizado polas denuncias de corrupción lanzadas contra el, só aspira a un relevo tranquilo mentres o desasosego cunde por todas partes.

A axenda interna, como se evidenciou no recente Cumio da reforma, está practicamente bloqueada. E o papel de Nacións Unidas na defensa da legalidade internacional mingou de tal forma nos últimos anos que o balance da xestión de Annan dificilmente pode recoller aplausos. Falemos de paz, de dereitos humanos ou de desenvolvemento, as iniciativas están sobre a mesa, revelando impulsos e iniciativas benintencionadas, pero que non dan mellorado a credibilidade da ONU.

Os retrocesos internacionais no ámbito dos dereitos humanos é un feito incontestable e gravísimo. O recente informe sobre Guantánamo, elaborado a instancias da propia organización, evidencia a raíz do problema. NNUU non pode dicir que non estea ao tanto. EEUU di que a ONU se desacredita con ese informe, pero en realidade o descrédito prodócese por permitir que vaia directamente á trituradora de papeis, sen que ningun se plante en New York. A creación dun novo Consello de Dereitos Humanos, que deberá servir para impulsar unha viraxe nesta materia, permanece enfrascada en controversias entre os países desenvolvidos e os en vías de desenvolvemento, e nada permite asegurar que poida concretarse nas próximas semanas. Outro tanto pode dicirse da Comisión para a Consolidación da Paz. E se falamos dos obxectivos do milenio, un lustro despois de proclamados estes compromisos, máis ben modestos pese a tanto alboroto, todo indica que non se van cumprir en absoluto. Leo que a 30 de novembro de 2005, só o 7% dos prstamos do FMI foron destinados ao continente africano. Estamos en mans de perfectos saboteadores.

Claro que todo este desolador panorama non é culpa do secretario xeral, pero del caberá agardar xestos e compromisos, maior empeño persoal, para non deixarse instrumentalizar polas grandes potencias e utilizar o cargo para decantar os límites e as consecuencias da indeferencia ante a transformación que está experimentando o mundo. A ONU ten un papel fundamental e único a desempeñar, pero tanto templar gaitas acaba por facerte odiar a máisica.

¿Que deberá facer un secretario xeral cando a importante organización que preside recomenda o peche dun cárcere como Guantanamo e todos pasan olímpicamente do problema? Calquera cousa menos ser paciente e comprensivo. O problema final non é que o substituto de Annan sexa un europeo, un africano ou un asiático. Tampouco é que sexa indiferente a orixe, pois ese debate é revelador tamén das tensións existentes no sistema internacional, pero o transcendental será dar con alguén coa convicción e a coraxe suficiente para estar sempre disposto a dimitir cando as receitas máis simples caen en saco roto.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Marzo 2, 2006

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2006-03-02 00:00:00